

A última entrega de Chus Pato, *Secesión*, pode suscitar o sempiterno problema da adscrición. Temos diante nosa un texto poliédrico, esencialmente fragmentario, que expulsa do seu centro a linealidade argumentativa e que se vai adenrrando no terreo do ensaio, sen concesións. Un ensaio visionario, refuxio da tormenta interior da artista, que medita sobre a propia esencia da escrita e sobre o papel do creador no mundo, neste caso dunha terra e dun tempo ben concretos. A súa reflexión vai amplándose e abranxe o oficio de escribir, mais tamén a dimensión do poema. Ulteriormente xorde a indagación no pasado e aparecen fulgores, gotas de poesía que rompen o discurso narrativo. E todo isto en 130 densas páxinas. Mais, vaimos por partes.

A primeira sección do libro divídese en tres apartados. O primeiro, "On-
de as cavernas

Ensaio visionario

Do lado dos humanos

ROMÁN RAÑA

cantan", alberga os episodios que máis claramente poderíamos anadar no territorio da narración. Atopamos magníficas descripcións dos ámbitos

desolados da posguerra cunha prosa que, sen dúbida, remite ao Ferrín existencialista d'*O crepúsculo e as formigas*: a dureza dos contornos, os

perímetros da desolación. Aparecen personaxes cargadas de raciocinios e dúas visitas exóticas: unha, á África do norte, Tánxer, retratada desde os asombrosos ollos occidentais; outra, a un campo de exterminio nazi, que acaba sobrecollendo e magoando ante a forza do horror incomprendible. A segunda parte, "O rostro e as montañas", vai disgregando a materia narrativa. Non hai un fío a r g u m e n t a l , ofrécense ensenados escenas, razoamentos adheridos ás vivencias que se nos describen desde a dor e desde a morte, sen esquecer recorrenzas verbais que van adquirindo identidade, como Pentiesea e Aquiles, como unha ecuación das orfandades do home. Na terceira, "Espectros", seguimos descubrindo aspectos dunha voz narrativa plural e disgregada, mesmo disgregadora, que enlaza cos acontecementos previos.

A segunda sección do volume comeza con "Mentres escribo". Agora o ton é absolutamente ensaístico, ao comezo a modo de diario para, en "Disciplinádevos, pensamentos" e "Ruínas", inscribirse nunha doutrina de desolación e de misterio. O desespero da poeta diríxese ao supremo esforzo de aclarar o enigma de escribir, do que é a escrita para o mundo, do que é o poema para o cosmos. Como un átomo arrependido de ser só unha partícula nunha inmensidáde que se desconoce. Como diría a autora: "O poema, a memoria, son o esquezo dessa voz (unha carne que se fai escritura), pero tamén a posibilidade sentileira de lembrala. Entón unha permanece na desesperación e así queda do lado dos humanos".

PATO, Chus, *Secesión*, Ed. Galaxia, Vigo, 2009, PVP 12€

